

# INSTRUCCIÓN ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2026/2027

SÓ APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN CICLOS DA OFERTA MODULAR - DISTANCIA

## ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- A oferta modular permite realizar a matrícula por módulos soltos. Polo tanto é importante consultar o seguinte enlace  
<http://www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-adultos>  
para coñecer os itinerarios formativos recomendable de solicitude para comprobar que módulos necesitan coñecementos previos doutros.
- Malia o dito no punto anterior, é posible matricularse de calquera módulo xa que na oferta modular non existe promoción de curso como si sucede coa oferta ordinaria.
- Os módulos nesta oferta impártense simultaneamente durante todo o curso. Non se imparten secuencialmente.
- Igual que sucede cos ciclos da oferta ordinaria, para validar módulos hai que se matricular previamente neles e logo solicitar a validación.

## 1.- ADMISIÓN A TRAVÉS DE ASISTENTE INFORMÁTICO

### PRAZO

Do luns 15 de xuño ás 9:00 horas ao martes 30 de xuño ás 13:00 horas

1. Cubrir a solicitude na aplicación web informática <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e:
  - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación
  - b. Unha vez rematada a solicitude, no caso de que esta indique "a solicitude non terá validez se non está selada, datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ...", será obrigatorio entregala nun centro con oferta de FP
  - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resgardo, xa que poderás precisala

### LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES

O venres 3 de xullo publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 horas do mesmo día 3 de xullo e remata ás 13:00 horas do martes 7 de xullo

### LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES e LISTAXE DA 1ª ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

O venres 10 de xullo publícanse ambas listaxes

No caso de resultar adxudicado/a, pasamos ao punto 2: **MATRÍCULA DA 1ª ADXUDICACIÓN**

## 2.- MATRICULACIÓN DA 1ª ADXUDICACIÓN

### PRAZO

**Do venres 10 de xullo ás 9:00 horas ao mércores 15 de xullo ás 13:00 horas**

1. Empregando o código da solicitude de admisión, acceder e realizar a matrícula en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/> (ou ben renunciar á praza adxudicada)
2. **NOTA IMPORTANTE:** para que a matrícula sexa efectiva, o alumnado menor de 28 anos debe realizar o ingreso do importe do seguro escolar e aportar o xustificante de dito ingreso **a nome do/a alumno/a**. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
  - a) **Nº de conta bancaria:** **ES39 2080 0234 4130 4000 3005**
  - b) **Importe:** **1,12€**
  - c) **Concepto:** **Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matricula****O xustificante do pago do seguro escolar pódese enviar por correo electrónico ao enderezo [administracion.cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal](mailto:administracion.cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal)**

\* A 2ª adxudicación publicarase o luns 20 de xullo e o período de matriculación será dende o mesmo luns 20 de xullo ás 9:00 horas ata ao xoves 23 de xullo ás 13:00 horas

\* A 3ª adxudicación publicarase o luns 27 de xullo e o período de matriculación será dende o mesmo luns 27 de xullo ás 9:00 horas ata ao mércores 29 de xullo ás 13:00 horas

\* A adxudicación continuada será dende o 1 de setembro ás 9:00 ao 25 de setembro ás 13:00

### MOI IMPORTANTE

**QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA  
QUEDARÁ EXCLUÍDO/A DO PROCESO DE ADMISIÓN**